



CIRCULAR INFORMATIVA 3/2021

1. CIRCULAR DA MUTUALIDADE DA AVOGACÍA

A Mutualidade da Avogacía remitiunos esta comunicación dirixida a todos os nosos colexiados e colexiadas, que reproducimos a seguir:

Nos ponemos en contacto con usted con objeto de informarle de la modificación legislativa introducida por el ordinal "Cinco" de la Disposición final trigésima octava de la Ley 11/2020, de 30 de diciembre, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2021.

Este precepto añade un apartado "4" a la Disposición Adicional Decimoctava del texto refundido de la Ley General de la Seguridad Social, aprobado por Real Decreto legislativo 8/2015, de 30 de octubre, relativa al "Encuadramiento de los profesionales colegiados", con el tenor literal siguiente:

*"4. Las mutualidades de previsión social autorizadas para actuar como alternativas al Régimen Especial de la Seguridad Social de los Trabajadores por Cuenta Propia o Autónomos, **desde el 1 de marzo de 2021, deberán poner a disposición de la Tesorería General de la Seguridad Social** antes de finalizar el mes natural siguiente a la situación de alta o de baja, de forma telemática, **una relación de los profesionales colegiados integrados en las mismas como alternativas** al citado régimen especial en la que se indique expresamente la fecha en que quedó incluido cada uno de ellos, cuál es su actividad profesional y, en su caso, la fecha de baja en la mutualidad por cese de actividad."*

Ante este nuevo escenario legislativo, es posible que pueda verse afectado por esta nueva situación, incidiendo de forma especial en aquellos cuya situación contractual pueda ser constitutiva de infracción administrativa a efectos de la Seguridad Social.

Si este es su caso, o tiene alguna duda, le recomendamos que se ponga en contacto con Mutualidad de la Abogacía en el teléfono: 914 35 24 86 o en el email sam@mutualidadabogacia.com con el fin de que actualice y/o regularice su situación profesional actual lo antes posible.

2. GUÍA COLEXIAL 2021: ACTUALIZACIÓN DE DATOS

Coma todos os anos, o Colexio de Avogados vai editar proximamente a *Guía Colexial 2021*. Ábrese un **prazo ata o vindeiro 1 de marzo**, ás 14.00 h, para que os colexiados e colexiadas comuniquen na conta de correo icajuzgado@icasantiago.org calquera actualización ou cambio que desexen facer dos seus datos profesionais. Os cambios posteriores a esta data non serán aplicables na edición deste ano.

Así mesmo, os letrados/as que desexen incorporar unha **fotografía** á guía deberán remitirnos unha en tamaño carné xunto cunha autorización para a súa publicación.

Unha vez aplicados todos os cambios, o borrador desta guía exporase na páxina web durante 5 días para que poida ser revisado e así corrixir posibles erros.

3. PROBLEMAS CON CONTAS DE CORREO ELECTRÓNICO DE DOMINIOS GRATUÍTOS

Ante algunhas consultas tratadas dende o servizo de informática deste colexio, queremos aclarar para todos os colexiados e colexiadas os posibles problemas que pode causar o feito de operar con contas de correo electrónico gratuítas ou non institucionais.



CIRCULAR INFORMATIVA 3/2021

Segundo consta no servizo de información colexial, as comunicacións que se envían aos colexiados (circulares, notas informativas, novidades lexislativas e outros avisos), van dirixidas a un número elevado de destinatarios, polo que algúns servizos de correo gratuíto adoitan clasificar este tipo de envíos como spam e rexeítalos. Dados os inconvenientes que isto pode ocasionar, queremos lembrar que **o Colexio, en colaboración co CGAE, ofrece un servizo de correo electrónico corporativo** que presenta características técnicas e de seguridade especialmente indicadas para o uso profesional.

Todos os colexiados e colexiadas que aínda non dispoñan dunha conta con dominio @icasantiago.org poden solicitala de forma totalmente gratuíta a través do seguinte formulario: <https://www.icasantiago.org/contas-de-correo-icas/>. Unha vez creada, deberase solicitar na secretaría do colexio o seu cambio pola que se viña usando para así incluíla na base datos manexada para os envíos de información.

Tamén cabe advertir que **dispor dunha conta @icasantiago.org é especialmente importante para todos os letrados e letradas da quenda de oficio**, co fin de asegurar e garantir a recepción das designacións ou resolucións que se tramitan na xustiza gratuíta.

Características do servizo de correo electrónico @icasantiago.org

Privacidade e seguridade nas comunicacións:

- Seguridade xurídica: garantía de cumprimento da LOPD
- Seguridade técnica: certificado do Esquema Nacional de Seguridade, utiliza a última tecnoloxía en sistemas antispam e antiphishing

Conta profesional de alta capacidade:

- Caixa de almacenamento de 50 Gb
- 1 TB de almacenamento na nube (OneDrive)
- Xestión profesional de axendas, contactos, tarefas
- Soporte técnico ao usuario
- Interface intuitiva e doada de usar

Máis que un correo, ferramentas de colaboración na nube, desde o teu ordenador, móbil ou tablet:

- Traballa en liña cos teus documentos de Microsoft Office (Word, Excel, PowerPoint) sen necesidade de telo instalado
- Gárdalos de forma segura na nube con OneDrive. Comparte ficheiros con clientes, outros membros do despacho, o Colexio
- E moito máis (mensaxería instantánea, videoconferencias, reunións en Internet...)